



Proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo de Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao Grupo III, do V convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico

Modelo B: galego

NON abra o cuestionario ata que se lle indique

1. En que supostos terán capacidade de obrar ante as administracións públicas os grupos de afectados segundo o artigo 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas?:

- a) Cando a lei así o declare expresamente.
- b) Unicamente nos casos previstos pola propia lei de procedemento administrativo común.
- c) En ningún caso, salvo que unha norma con rango de lei diga o contrario.

2. Comunicaráselles a tramitación dun procedemento ás persoas que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos e directos cuxa identificación resulte do expediente e que poidan resultar afectados pola resolución que se dite (artigo 8 da LPAC):

- a) En calquera momento anterior ao trámite de audiencia.
- b) Durante a instrución dun procedemento que non tivese publicidade.
- c) Durante a tramitación de calquera clase de procedemento.

3. A Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais manterán actualizado un rexistro, ou outro sistema equivalente, onde constarán os funcionarios habilitados para a identificación ou sinatura regulada no artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común. Estes rexistros ou sistemas deberán ser plenamente interoperables e estar interconectados cos das restantes administracións públicas (artigo 12 da LPAC):

- a) Para os efectos de comprobar a validez das citadas habilitacións.
- b) Para os efectos de axilizar a tramitación dos procedementos administrativos.
- c) Para os efectos de garantir os principios de transparencia e proximidade ao cidadán.

4. Respecto dos rexistros, establece o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que para poder facer o correspondente asento de todo documento que sexa presentado ou que se reciba en calquera órgano administrativo:

- a) Cada Administración disporá dun rexistro electrónico xeral.
- b) Existirá un rexistro electrónico xeral para todas as administracións públicas.
- c) Existirá un rexistro electrónico xeral para todas as administracións públicas, sen prexuízo de que cada Administración disporá dun rexistro electrónico propio.

5. Cando se soliciten informes preceptivos a un órgano da mesma ou distinta Administración, poderase suspender o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución, por un prazo que non poderá exceder en ningún caso de (artigo 22 da LPAC):

- a) Dous meses.
- b) Tres meses
- c) Un mes.

6. En cal dos seguintes casos se suspenderá obrigatoriamente o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución? (artigo 22 da LPAC):

- a) Cando se inicien negociacións con vistas á conclusión dun pacto ou convenio.
- b) Cando exista un procedemento non finalizado no ámbito da Unión Europea que condicione directamente o contido da resolución de que se trate.
- c) Cando os interesados promovan a recusación en calquera momento da tramitación dun procedemento.

7. Excepcionalmente, cando se esgoten os medios persoais e materiais dispoñibles, o órgano competente para resolver poderá acordar de maneira motivada a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación, sen que poida ser este con carácter xeral (artigo 23 da LPAC):

- a) Superior ao establecido para a tramitación do procedemento.
- b) Superior a tres meses.
- c) Superior a seis meses.

8. O artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas define a dixitalización como:

- a) O proceso técnico que permite converter un documento nun ficheiro dixital que contén a identidade do órgano que expediu o documento.
- b) O proceso tecnolóxico que permite converter un documento en soporte papel ou noutro soporte non electrónico nun ficheiro electrónico que contén a imaxe codificada, fiel e íntegra do documento.
- c) O proceso telemático que permite converter un documento en soporte papel nun ficheiro dixital que contén a sinatura incorporada do órgano que o emite.

9. Establece o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que a Administración poderá conceder unha ampliación dos prazos establecidos:

- a) Salvo precepto en contrario.
- b) Que non exceda en ningún caso de dez días.
- c) Unicamente a petición dos interesados.

10. Respecto dos medios de notificación que deben empregar as administracións públicas, sinala o artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que:

- a) As notificacións se practicarán preferentemente por medios electrónicos.
- b) As notificacións se practicarán exclusivamente por medios electrónicos.
- c) As notificacións se practicarán polo medio que sinala o interesado.

11. No caso de que o primeiro intento de notificación se realizase antes das quince horas, o segundo intento deberá realizarse despois das quince horas, e viceversa, e deixarse en todo caso polo menos unha marxe de diferenza entre ambos os intentos de notificación de (artigo 42 da LPAC):

- a) Cinco horas.
- b) Dúas horas.
- c) Tres horas.

12. Cal dos seguintes dereitos dos interesados nos procedementos administrativos relacionados no artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas admite excepcións?:

- a) Dereito a identificar as autoridades e o persoal ao servizo das administracións públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.
- b) Dereito a non presentar documentos orixinais.
- c) Dereito a achegar documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de audiencia.

13. Segundo o artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que órgano administrativo é o competente para dispoñer a acumulación dun procedemento a outros?:

- a) O que inicie ou tramite un procedemento.
- b) O que resolva un procedemento.
- c) O superior xerárquico do que inicie un procedemento.

14. A proposta de iniciación do procedemento formulada por calquera órgano administrativo que non ten competencia para iniciar este e que tivo coñecemento das circunstancias, condutas ou feitos obxecto do procedemento, ben ocasionalmente ou ben por ter atribuídas funcións de inspección, indagación ou investigación denomínase (artigo 61 da LPAC):

- a) Petición razoada.
- b) Denuncia.
- c) Orde superior.

15. Segundo o artigo 71 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o procedemento impulsarse:

- a) De oficio en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos.
- b) A instancia de parte en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos.
- c) De oficio en todos os seus trámites e a través de medios analóxicos.

16. Segundo o artigo 74 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as cuestións incidentais que se susciten no procedemento suspenderán a tramitación deste:

- a) Só se se refiren á nulidade de actuacións.
- b) Só se se trata da recusación.
- c) Si, en todo caso.

17. Dispón o artigo 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que, con carácter xeral, os informes serán emitidos a través de medios electrónicos e no prazo de:

- a) Vinte días.
- b) Cinco días.
- c) Dez días.

18. Con relación ao trámite de audiencia, sinala o artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que os interesados poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes nun prazo:

- a) Non inferior a dez días nin superior a vinte.
- b) Non inferior a dez días nin superior a quince.
- c) Non inferior a quince días nin superior a vinte.

19. Respecto da terminación dos procedementos sancionadores regulada no artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinálese cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impor unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero se xustificou a improcedencia da primeira, o pagamento voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento.
- b) Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impor unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero se xustificou a improcedencia da segunda, o pagamento voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento.
- c) Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impor unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero se xustificou a procedencia da segunda, o pagamento voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento.

20. Sinala o artigo 87 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que as actuacións complementarias deberán practicarse nun prazo:

- a) Non superior a quince días.
- b) Non superior a dez días.
- c) Non superior a sete días.

21. Respecto da renuncia, sinala o artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que:

- a) Todo interesado poderá renunciar aos seus dereitos.
- b) Todo interesado poderá renunciar aos seus dereitos, sempre que o faga en calquera momento anterior á proposta de resolución.
- c) Todo interesado poderá renunciar aos seus dereitos cando iso non estea prohibido polo ordenamento xurídico.

22. Conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das administracións públicas intégranse en:

- a) As universidades públicas.
- b) Entidades de dereito privado.
- c) O sector público institucional.

23. Conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, teñen a consideración de administracións públicas:

- a) As administracións das comunidades autónomas.
- b) As entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das administracións públicas.
- c) As universidades privadas.

24 Conforme ao disposto no artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, terán a consideración de órganos administrativos:

- a) As unidades administrativas ás que non se lles atribúan funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros.
- b) As unidades administrativas cuxa actuación non teña carácter preceptivo.
- c) As unidades administrativas ás que se lles atribúan funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros ou cuxa actuación teña carácter preceptivo.

25. Conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as instrucións e ordes de servizo publicaranse no boletín oficial que corresponda:

- a) Cando unha disposición específica así o estableza.
- b) En ningún caso serán obxecto de publicación.
- c) Serán obxecto de publicación cando se estime conveniente por razón do seu contido.

26. Conforme ao disposto no artigo 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a titularidade e o exercicio das competencias atribuídas aos órganos administrativos poderán ser desconcentradas:

- a) Non cabe a desconcentración de competencias noutros órganos administrativos.
- b) Noutros órganos xerarquicamente independentes daqueles.
- c) Noutros órganos xerarquicamente dependentes daqueles.

27. Conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a delegación será revogable en calquera momento por:

- a) As Cortes Xerais.
- b) O órgano que a conferiu.
- c) A delegación é irrevogable.

28. Conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, poderán dirixirse ao órgano que se atope coñecendo dun asunto para que decline a súa competencia e remita as actuacións ao órgano competente:

- a) O órgano administrativo que se estime incompetente.
- b) Calquera cidadán maior de idade.
- c) Os interesados que sexan parte no procedemento.

29. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, contra as resolucións adoptadas en materia de recusación:

- a) Poderá interporse recurso de reposición.
- b) Poderá interporse recurso de alzada.
- c) Non caberá recurso.

30. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, se o recusado nega a causa de recusación, o superior resolverá no prazo de:

- a) 3 meses.
- b) 20 días.
- c) 3 días.

31. Conforme ao disposto no artigo 28 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos poderán ser sancionadas por feitos constitutivos de infracción administrativa:

- a) Cando unha lei lles recoñeza capacidade de obrar.
- b) En ningún caso poderán ser sancionados.
- c) Cando unha norma de rango regulamentario lles recoñeza capacidade xurídica.

32. Conforme ao disposto no artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse:

- a) Desde o día en que a infracción se cometese.
- b) Desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción.
- c) Desde o día seguinte a aquel en que transcorra o prazo para recorrer a sanción.

33. Conforme ao disposto no artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, interromperá a prescrición das infraccións a iniciación, con coñecemento do interesado, dun procedemento administrativo de natureza:

- a) Especial.
- b) Común.
- c) Sancionadora.

34. Conforme ao disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o dereito dos particulares a ser indemnizados polas administracións públicas correspondentes de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, encádrase dentro do principio de:

- a) Proporcionalidade.
- b) Responsabilidade.
- c) Tipicidade.

35. Conforme ao disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a anulación en vía administrativa ou pola orde xurisdiccional contencioso administrativo dos actos ou disposicións administrativas:

- a) Presupón, en todo caso, dereito á indemnización.
- b) Non presupón, por si mesma, dereito á indemnización.
- c) Presupón dereito á indemnización unicamente cando os danos deriven da aplicación dunha norma contraria ao dereito da Unión Europea.

36. Conforme ao disposto no artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideron prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles:

- a) Serán indemnizables en todo caso.
- b) Serán indemnizables se así se establece na resolución que se dite en cada procedemento.
- c) Non serán indemnizables.

37. Nos supostos de responsabilidade patrimonial, segundo dispón o artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a indemnización procedente, cando resulte máis adecuado para lograr a reparación debida e conveña ao interese público, sempre que exista acordo co interesado:

- a) Poderase substituír por unha compensación en especie, pero non poderá ser aboada mediante pagos periódicos.
- b) Poderá ser aboada mediante pagos periódicos, pero non se poderá substituír por unha compensación en especie.
- c) Poderase substituír por unha compensación en especie ou ser aboada mediante pagos periódicos.

38. De conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, non é un principio xeral de actuación:

- a) Facer efectivo o principio de igualdade e non discriminación.
- b) Asegurar a interoperabilidade dos servizos, sistemas e información cos de outras administracións públicas e o sector privado.
- c) Facer efectiva a participación plena de toda a cidadanía evitando a fenda tecnolóxica.

39. De conformidade co establecido no artigo 9.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, sinalar a quen lle corresponde determinar as medidas necesarias para garantir o acceso da comunidade galega no exterior aos servizos públicos dixitais:

- a) Á Xunta de Galicia.
- b) Á consellería competente en materia de administracións públicas.
- c) Á entidade competente en materia de contidos dixitais.

40. De conformidade co establecido no artigo 10.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, poderase establecer a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos co sector público autonómico, para determinados procedementos, a:

- a) Colectivos de persoas físicas.
- b) Colectivos de persoas físicas e persoas xurídicas.
- c) Non se pode establecer esa obriga para ningún colectivo á marxe do disposto nesa lei.

41. De conformidade co establecido no artigo 42.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, a lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza será accesible dende:

- a) A sede electrónica da Xunta de Galicia.
- b) O portal web corporativo da Consellería de Facenda.
- c) O portal web corporativo da consellería competente en materia de administracións públicas.

42. De conformidade co establecido no artigo 46.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, as persoas interesadas que non están obrigadas a relacionarse por medios electrónicos coa administración:

- a) Poderán solicitar a creación da súa dirección habilitada única a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia.
- b) Non poderán solicitar a creación dunha dirección habilitada única.
- c) Poderán solicitar a creación da súa dirección habilitada única a través da súa comparecencia persoal nunha dependencia habilitada.

43. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico dotarán dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica:

- a) Ao persoal funcionario de carreira e laboral fixo exclusivamente.
- b) Ao persoal empregado público.
- c) Ao persoal funcionario de carreira, laboral fixo e ao persoal eventual exclusivamente.

44. De conformidade co establecido no artigo 75.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, a relación de selos electrónicos utilizados no sector público autonómico estará dispoñible:

- a) No portal web da consellería competente en materia de administracións públicas.
- b) Na páxina web do órgano con competencias en contidos dixitais.
- c) Na sede electrónica da Xunta de Galicia.

45. Con base no recollido no artigo 4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta lei non se aplica ao persoal funcionario ao servizo das seguintes administracións públicas:

- a) Entidades locais galegas.
- b) Entidades públicas instrumentais vinculadas ou dependentes das entidades locais galegas.
- c) Delegacións ministeriais na Comunidade Autónoma de Galicia.

46. De acordo co establecido no artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, para que poida procederse ao nomeamento de persoal funcionario interino ten que concorrer algunha das seguintes circunstancias:

- a) A existencia de postos vacantes, con dotación orzamentaria, cando non sexa posible a súa cobertura por persoal eventual.
- b) A execución de programas de duración indeterminada que respondan a necesidades permanentes da Administración.
- c) A substitución transitoria das persoas titulares dos postos.

47. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a prestación de servizos en réxime interino:

- a) Constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.

- b) Non constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.
- c) Constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal eventual.

48. Conforme ao recollido no artigo 27.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o tempo de servizos prestados en réxime de persoal laboral temporal computarase nos supostos de:

- a) Concurso ou de oposición.
- b) Oposición.
- c) Concurso-oposición ou de concurso.

49. O artigo 33 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, indica que os postos que sexan cubertos por persoal directivo:

- a) Recolleranse nunha relación de postos directivos de contido análogo ao da relación de postos de traballo.
- b) Estableceraos anualmente o Consello da Xunta dentro dos correspondentes créditos orzamentarios consignados para o efecto.
- c) Estableceraos anualmente o Consello da Xunta e figurarán recollidos nunha relación de postos directivos de contido análogo ao da relación de postos de traballo.

50. O artigo 34 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, indica que os contratos laborais de alta dirección do persoal directivo incluírán un pacto de permanencia e non competencia poscontractual:

- a) Polos dous anos seguintes á extinción do contrato.
- b) Polos tres anos seguintes á extinción do contrato.
- c) Polos cinco anos seguintes á extinción do contrato.

51. No artigo 58 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, non figura entre o contido mínimo das bases das convocatorias dos procesos selectivos:

- a) O réxime aplicable ao órgano de selección.
- b) A composición do órgano de selección.
- c) O sistema selectivo aplicable, con indicación do tipo de probas concretas e os sistemas de cualificación dos exercicios ou, de ser o caso, os baremos de puntuación dos méritos.

52. Segundo a redacción do artigo 72 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as empregadas públicas vítimas de violencia de xénero teñen, entre outros, dereito:

- a) Á consideración como xustificadas das faltas de asistencia, totais ou parciais, polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde, segundo proceda.
- b) Á consideración como xustificadas das faltas de asistencia, totais ou parciais, por un período dun ano, prorrogable por períodos de seis meses.

- c) Á consideración como xustificadas das faltas de asistencia, totais ou parciais, por un período dun ano, prorrogable por períodos de seis meses, nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde, segundo proceda.

53. Segundo o artigo 89 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no caso de postos de persoal funcionario da Administración xeral, o persoal funcionario de carreira que estea adscrito por motivos de saúde ou rehabilitación a un posto de traballo en distinta localidade daquela na que teña o seu destino definitivo estará obrigado a participar nos concursos de provisión, para postos adecuados ao seu corpo ou escala, que se convoquen e a solicitar:

- a) Todos os postos situados na mesma provincia do posto ao que figure adscrito provisionalmente.
- b) Todos os postos situados a menos de 30 quilómetros da localidade do posto ao que figure adscrito provisionalmente.
- c) Todos os postos situados na mesma localidade do posto ao que figure adscrito provisionalmente.

54. Segundo o artigo 97 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario que cese nun posto de traballo provisto por libre designación percibirá as retribucións complementarias correspondentes ao posto que ocupase con carácter definitivo:

- a) Mentres non obteña outro posto con carácter definitivo polos procedementos ordinarios de provisión previstos no capítulo III do título VI da lei e durante un prazo máximo de tres meses.
- b) Mentres non obteña outro posto con carácter definitivo polos procedementos ordinarios de provisión previstos no capítulo III do título VI da lei e durante un prazo máximo de seis meses.
- c) Mentres non obteña outro posto con carácter definitivo polos procedementos ordinarios de provisión previstos no capítulo III do título VI da lei e durante un prazo máximo de doce meses.

55. Segundo o artigo 108 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario que faga uso do permiso por falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar, no caso do accidente dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade en distinta localidade:

- a) Ten dereito a un permiso de catro días hábiles, e inclúranse no cómputo os sábados.
- b) Ten dereito a un permiso de catro días hábiles, e non se inclúran no cómputo os sábados.
- c) Ten dereito a un permiso de cinco días hábiles, e inclúranse no cómputo os sábados.

56 Cal destas licenzas non está recollida nos artigos 126 a 131 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia?:

- a) Licenza por asuntos particulares.
- b) Licenzas por enfermidade.
- c) Licenza para supostos de hospitalización prolongada.

57. Segundo o artigo 2.1.h) da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a presente lei será de aplicación:

- a) Ao persoal que preste servizos en empresas en que a participación do capital, directa ou indirecta, das administracións públicas sexa superior ao 70 por 100.
- b) Ao persoal que preste servizos en empresas en que a participación do capital, directa ou indirecta, das administracións públicas sexa superior ao 50 por 100.
- c) Ao persoal que preste servizos en empresas en que a participación do capital, directa ou indirecta, das administracións públicas sexa superior ao 80 por 100.

58. De acordo co artigo 3.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, para o exercicio da segunda actividade será indispensable a previa e expresa autorización de compatibilidade, que:

- a) Pode supoñer a modificación da xornada de traballo e do horario dos dous postos e condiciónase ao seu estrito cumprimento en ambos.
- b) Non supoñerá a modificación da xornada de traballo, pero si que pode supoñer a modificación do horario dos dous postos.
- c) Non supoñerá a modificación da xornada de traballo e do horario dos dous postos e condiciónase ao seu estrito cumprimento en ambos.

59. De conformidade co artigo 4.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, poderá autorizarse a compatibilidade, logo de cumpridas as restantes esixencias desta lei, para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como profesor universitario asociado en réxime de dedicación:

- a) Non superior á de tempo parcial e con duración determinada.
- b) Non superior á de tempo completo e con duración determinada.
- c) Non superior á de tempo parcial e con duración indefinida.

60. De acordo co artigo 5.2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nos supostos comprendidos neste artigo só poderá percibirse a retribución correspondente a unha das dúas actividades:

- a) Aínda que en determinados supostos poderán percibirse as retribucións das dúas actividades.
- b) Aínda que en ningún caso se poderán percibir as axudas de custo ou indemnizacións que correspondan pola outra actividade.
- c) Sen prexuízo das axudas de custo, indemnizacións ou asistencias que correspondan pola outra.

61. O artigo 7 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas establece que será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos orzamentos xerais do Estado para o cargo de director xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en:

- a) Un 30 por 100, para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente.
- b) Un 40 por 100, para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente.
- c) Un 60 por 100, para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente.

62. Quen acceda por calquera título a un novo posto do sector público que, conforme á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, resulte compatible co que viñese desempeñando, deberá instar a autorización de compatibilidade (artigo 10 Lei 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Dentro do prazo de toma de posesión.
- b) Nos vinte primeiros días do prazo de toma de posesión.
- c) Nos dez primeiros días do prazo de toma de posesión.

63. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por normalización:

- a) A adopción de medidas de carácter específico consistentes en evitar ou compensar as desvantaxes derivadas da discapacidade.
- b) A adopción de medidas de carácter específico consistentes en promover valores compartidos orientados ao ben común e á cohesión social.
- c) O principio en virtude do cal as persoas con discapacidade deben poder levar unha vida en igualdade de condicións e acceder aos mesmos lugares, ámbitos, bens e servizos que están á disposición de calquera outra persoa.

64. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por accesibilidade universal:

- a) A condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos, instrumentos, ferramentas e dispositivos, para seren comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible.
- b) O principio en virtude do cal a sociedade promove valores compartidos orientados ao ben común e á cohesión social, de xeito que se permita que todas as persoas con discapacidade teñan as oportunidades e os recursos necesarios.

- c) A adaptación necesaria e adecuada do ambiente físico, social e actitudinal ás necesidades específicas das persoas con discapacidade que non impoñan unha carga desproporcionada ou indebida.

65. En base ao artigo 10 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade teñen dereito á protección da saúde, o que inclúe:

- a) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde, agás o referido á saúde sexual e reprodutiva.
- b) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde, con especial atención á saúde mental e á saúde sexual e reprodutiva.
- c) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde, agás o referido á saúde mental.

66. De acordo co artigo 23 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación establecerán, para cada ámbito ou área:

- a) Medidas concretas para previr ou suprimir discriminacións e para compensar desvantaxes ou dificultades.
- b) Programas de sensibilización para o fomento da participación de asociacións e entidades.
- c) O carácter supletorio das medidas que se establezan en materia social.

67. De acordo co artigo 30 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, adoptarán as medidas adecuadas para facilitar o estacionamento dos vehículos automóbiles pertencentes a persoas con problemas graves de mobilidade, por razón da súa discapacidade:

- a) Os concellos.
- b) As comunidades autónomas.
- c) As comunidades autónomas, sen prexuízo das competencias atribuídas ás entidades locais.

68. De acordo co artigo 52 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, os centros ocupacionais:

- a) Son servizos de orientación e apoio ás familias.
- b) Son servizos de centro de día e de noite que ofrecen una atención integra ás persoas con discapacidade, co obxectivo de mellorar ou manter a autonomía persoal.
- c) Teñen como finalidade asegurar os servizos de terapia ocupacional e de axuste persoal e social ás persoas con discapacidade, co obxecto de lograr o seu máximo desenvolvemento persoal e, nos casos en que sexa

posible, facilitar a súa capacitación e preparación para o acceso ao emprego.

69. De conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información de contratación pública, facilitarase información sobre:

- a) Datos sobre os contratos subscritos, excluídos os contratos menores e os criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación.
- b) Datos sobre os contratos subscritos, incluídos os contratos menores e os criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación.
- c) Datos sobre os contratos subscritos, incluídos os contratos menores.

70. De conformidade co establecido no artigo 21.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación á reutilización da información do sector público autonómico:

- a) Os órganos e unidades da Administración xeral velarán por que os documentos poidan estar dispoñibles en calquera formato para a súa reutilización.
- b) Os órganos e unidades da Administración xeral velarán por que os documentos poidan estar dispoñibles no formato máis adecuado en cada caso para a súa reutilización.
- c) Os órganos e unidades da Administración xeral velarán por que os documentos poidan estar dispoñibles en formato aberto para a súa reutilización.

71. De conformidade co establecido no artigo 25.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao acceso da información pública:

- a) As limitacións ao dereito de acceso serán de aplicación durante un tempo predeterminado polas resolucións que acordan o acceso e mentres se manteña a razón que as xustifique.
- b) As limitacións ao dereito de acceso fixarán a súa duración e, en todo caso, ata que se solicite novamente o acceso.
- c) As limitacións ao dereito de acceso só serán de aplicación durante o período de tempo determinado polas leis ou mentres se manteña a razón que as xustifique.

72. De conformidade co establecido no artigo 27.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) A competencia para a resolución das solicitudes de acceso corresponderalle exclusivamente á persoa titular da secretaría xeral técnica.
- b) A competencia para a resolución das solicitudes de acceso corresponderalle á persoa titular da secretaría xeral, da secretaría xeral técnica, da dirección xeral ou da delegación territorial.

- c) A competencia para a resolución das solicitudes de acceso corresponderalle ao órgano competente para resolver o expediente no que se atope a información solicitada.

73. De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao Portal de transparencia e goberno aberto:

- a) Deberá dispoñer dun sistema de subscricións que lle permita á cidadanía recibir automaticamente avisos.
- b) Poderá dispoñer, nos supostos nos que sexa necesario, dun sistema de subscricións para a cidadanía.
- c) Poderá dispoñer, nos supostos nos que o acceso sexa frecuente e numeroso, dun sistema de subscricións que lle permita á cidadanía recibir automaticamente avisos.

74. Segundo o establecido no artigo 31.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a coordinación e control interno en materia de transparencia:

- a) Será exercida pola Comisión de Información e Transparencia, prevista na Lei 10/2017, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- b) Será exercida pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, prevista na Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- c) Será exercida pola Comisión de Información Pública.

75. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Xunta de Galicia tomará en consideración o traballo realizado pola Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, do Parlamento galego:

- a) Sempre que iso sexa posible.
- b) Na elaboración de todos os programas e consignacións orzamentarias.
- c) Na adopción e execución das políticas dirixidas á eliminación de todo tipo de discriminacións contra as mulleres.

76. Conforme ao disposto no artigo 2 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, inclúese dentro do concepto de discriminación:

- a) Calquera trato máis favorable baseado no rexeitamento de tal comportamento por parte dunha persoa ou o seu sometemento a este.
- b) O trato máis favorable a unha muller en relación co embarazo ou co permiso por maternidade.
- c) A orde de discriminar persoas por razón do seu sexo.

77. Conforme ao disposto no artigo 5 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a conciliación do emprego e da vida familiar das mulleres e homes e o fomento da individualización dos dereitos tendentes a esa conciliación considérase:

- a) Un criterio de actuación da Xunta de Galicia.
- b) Unha función da Comisión Interdepartamental de Igualdade.
- c) Unha función do Consello Galego das Mulleres.

78. Segundo o disposto no artigo 8 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, os regulamentos con repercusión en cuestións de xénero elaborados pola Xunta de Galicia tamén esixirán, antes da súa aprobación, a emisión dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado por:

- a) A Dirección Xeral da Función Pública.
- b) O órgano competente en materia de igualdade.
- c) A Comisión Interdepartamental de Igualdade.

79. Conforme ao disposto no artigo 49 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes denomínase:

- a) Discriminación.
- b) Infrarrepresentación.
- c) Composición equilibrada do persoal

80. Conforme ao disposto no artigo 52 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, enténdese a existencia de predominancia cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual entre o número de mulleres e o número de homes de polo menos:

- a) 20 puntos.
- b) 10 puntos.
- c) 25 puntos.

PREGUNTAS DE RESERVA

81. A que medio de execución dos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas se acudirá cando se trate de actos que, por non ser persoalísimos, poidan ser realizados por un suxeito distinto do obrigado (artigo 102 da LPAC)?:

- a) Execución subsidiaria.
- b) Multa coercitiva.
- c) Constrinximento sobre o patrimonio.

82. Os documentos electrónicos deberán conservarse nun formato que permita garantir a autenticidade, integridade e conservación do documento, así como a súa consulta, con independencia do tempo transcorrido desde a súa emisión. Asegurarase en todo caso (artigo 17 da LPAC):

- a) Que a eliminación dos devanditos documentos deba ser autorizada expresamente polo interesado.
- b) Que esta consulta non teña custo ningún para o interesado, salvo naqueles casos en que así se determine polas normas reguladoras de cada procedemento.
- c) A posibilidade de trasladar os datos a outros formatos e soportes que garantan o acceso desde diferentes aplicacións.

83. Segundo o artigo 113 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de nacemento de fillos prematuros ou que por calquera causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, o persoal funcionario ten dereito a ausentarse do posto de traballo:

- a) Un máximo de tres horas diarias mentres dure o período de hospitalización, coa percepción íntegra das súas retribucións.
- b) Un máximo de dúas horas diarias mentres dure o período de hospitalización, coa diminución proporcional das súas retribucións.
- c) Un máximo de dúas horas diarias mentres dure o período de hospitalización, coa percepción íntegra das súas retribucións.

84. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Comunidade Autónoma de Galicia reforza o seu compromiso na eliminación da discriminación entre mulleres e de homes e na promoción da igualdade, atribuíndolle a maior efectividade posible, no seu campo de competencias, ao principio constitucional de:

- a) Igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos.
- b) Participación desequilibrada dos homes na toma de decisións.
- c) Garantía da dignidade das mulleres.

85. Conforme ao disposto no artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, terán a consideración de órganos administrativos:

- a) As unidades administrativas ás que non se lles atribúan funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros.
- b) As unidades administrativas cuxa actuación non teña carácter preceptivo.
- c) As unidades administrativas ás que se lles atribúan funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros ou cuxa actuación teña carácter preceptivo.